




SEIMEIRAS DA FONSAGRADA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: A Fonsagrada-Vilagocende: 6,5 km
Vilagocende-Vilarín (ponte): 2 km
A Fonsagrada-O Queixoiro: 8 km
A Pé: 8 km

Dificultade: baixa
Duración: 4 horas

Un percorrido que combina tramos en coche e a pé para coñecer algunhas das máis fermosas fervezas da Fonsagrada (coñecidas na zona co nome de seimeiras).



1-Seimeiras do Queixoiro

No rego do Queixoiro, un afluente do Rodil (afluente do Eo). No lugar de O Queixoiro, parroquia de A Bastida (A Fonsagrada). Hai varios saltos e fervezas. A primeira de 15 m de altura e a segunda de 12 m. Pódese facer unha ruta seguindo o río por un bosque de ribeira ben conservado e soutos con castiñeiros moi antigos onde podemos ver ouriceiras.

COMO CHEGAR:

Desde A Fonsagrada cóllese a estrada que vai a Asturias e despois de pasar Paradanova (uns 3 km) cóllese un desvío á esquerda que conduce ata o lugar do Queixoiro (uns 5 km). Crúzase o lugar e despois de 200 m báixase por unha pista de terra á esquerda e 1 km máis adiante déixase o vehículo e báixase por un sendeiro acondicionado ás fervezas.

Seimeiras do Queixoiro

2-Seimeira de Vilagocende

No rego da Porteliña, afluente do Lamas que vai ao Navia, na parroquia de San Martiño de Suarna (A Fonsagrada).

Un salto de máis de 50 m nun val de lousas con paredes de cuarcitas. Máis abaixo hai varios saltos máis pequenos. A zona está acondicionada para paseo.

COMO CHEGAR:

Desde o centro da Fonsagrada cóllese unha estrada que vai a Vilagocende, a 6,5 km hai un cruce nunha curva desde a que sae unha pista de terra, apta para vehículos todo terreo, que despois de 1 km remata nas proximidades da ferverza. Antes de chegar ao cruce vese a parte alta da ferverza á dereita da estrada.



Seimeira de Vilagocende

3-Rozabragada

Nun afluente do río Suarna (afluente do Navia), nas proximidades de San Martiño de Suarna. A ferverza está a carón do muíño da Chaila ou de San Martiño.

COMO CHEGAR: na estrada da Fonsagrada á Naraxa e Vilar de Cuiña, despois de pasar Vilabol crúzase o río Suarna. Alí déixase o coche e comeza a ruta, indicada. Pódese facer circular ou seguir río arriba ata dar coa ferverza (aprox 2 km). Un pouco antes hai outro salto no río Suarna, nun lugar de difícil acceso, despois dun saínte rochoso onde se cruzan o rego de Penamaior e Suarna.

Actualmente constrúese unha pista pola marxe dereita do río pola que é posible achegarse ás proximidades da ferverza. Desde o punto onde a pista dá un xiro de 90° baixa un carreiro ata o muíño da Chaila e a ferverza.



Seimeira de Rozabragada e muíño da Chaila

Adela Leiro